

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA FINANCIAMENTO DAS CARPETAS PARA ESTUDANTES DA USC NO CURSO 2023/2024

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela para o financiamento da campaña institucional de difusión mediante a distribución entre os estudantes de carpetas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia de Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Para lograr esta finalidade a Axencia de Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos.

Segundo.- A USC é unha institución de dereito público que ten como finalidade a prestación do servizo público da educación superior mediante a docencia, o estudio e a investigación.



Terceiro.- A Xunta de Galicia aposta pola oferta de formación liderada polas universidades públicas, e que desempeñará un papel protagonista na preparación de profesionais que contribúan á transformación do sector nos vindeiros anos. Coa formación preténdese saír da crise cun sector turístico reforzado en todas as súas dimensións: con empresas máis resilientes e competitivas, con persoas empregadas máis preparadas e con novas competencias, con máis emprendedores e emprendedoras, e con maiores índices de empregabilidade da xente nova. En definitiva, a través dun emprego de calidade, preténdese consolidar ao turismo como un sector estratéxico da economía galega.

A Axencia de Turismo de Galicia, consciente da importancia desta oferta educativa superior e do esforzo, tamén económico, que supón o desenvolvemento con altos niveis de calidade, acorda colaborar na financiamento de material educativo, por razóns de interese público. O proxecto a desenvolver entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela a través do presente convenio de colaboración é a financiación da campaña institucional de difusión mediante a distribución entre os estudantes de carpetas nas que se inclúa a promoción da imaxe turística de Galicia de xeito que tamén se promova a imaxe como destino turístico.

Por parte da Axencia de Turismo de Galicia considérase axeitado, por razóns de interese público, colaborar nas actuacións obxecto do presente convenio coa Universidade de Santiago de Compostela dadas as específicas características desta entidade, xa que é a única capaz de desenvolver o obxecto deste convenio, razóns polas que non é posible subscribir un convenio con ningunha outra entidade..

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

